

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS II PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN E AGARDA PARA COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO, ENTRE AS PERSOAS QUE INTEGRAN A LISTA PREVIA DE ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL, PERFIL PREVENCIÓN/DEFENSA/EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS**

**Resolución do 08 de maio de 2026 pola que se convoca proceso de selección para a contratación de persoal temporal, entre as persoas que integran a lista previa na categoría de Enxeñería Técnica Forestal, perfil profesional Prevención/Defensa/Extinción contra Incendios Forestais**

En uso das facultades conferidas no punto 3 das Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), Diario Oficial de Galicia do 28 de abril de 2010

DISPÓN

Convocar un proceso selectivo para a elaboración das listas de contratación e agarda entre as persoas candidatas incluídas na lista previa na categoría de **Enxeñería Técnica Forestal**, con suxeición ás seguintes bases específicas II da convocatoria:



## 1. NORMAS XERAIS.

### 1.1 Obxecto do proceso selectivo.

O obxecto deste proceso será a contratación de persoal, con carácter temporal, na categoría profesional de Enxeñería Técnica Forestal, perfil profesional Prevención/Defensa/Extinción de Incendios Forestais, dos seguintes postos de traballo:

AMBITO	POSTOS
Servizos Centrais	1

### 1.2 Requisitos.

A inclusión das persoas aspirantes no sistema de listas previas non presupón que á data da presente convocatoria sigan posuíndo os requisitos que se lle esixiron para o ingreso no sistema de listas previas, polo que se advirte expresamente que deberán posuír á data da presente convocatoria, e manter ata o momento de formalización, de ser o caso, do correspondente contrato, os mesmos requisitos que se lle esixiron para o ingreso na lista previa correspondente. De tal xeito, poderáselles volver a requirir os documentos que acrediten os anteditos requisitos. Se no caso de superar o proceso selectivo e antes de formalizar o correspondente contrato, se constata que non posúen algúns dos requisitos esixidos, decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

### 1.3 Solicitudes.

As persoas aspirantes serán chamadas a partir da lista previa correspondente, estando exentas da presentación de solicitude.

#### 1.3.1. Documentación a presentar.

Formación Profesional Baremable: Só se tomará en consideración a efectos de valoración de formación a documentación a que fai referencia o apartado 2.3 das presentes bases.

Será baremable a formación adquirida ata o día (inclusive) da publicación do anuncio indicativo de esta convocatoria no D.O.G.



Certificado Médico ou Informe de Saúde: para a realización das probas físicas as persoas aspirantes deberán aportar, o mesmo día da proba no lugar de realización da mesma, un Certificado Médico Oficial ou Informe de Saúde, segundo o disposto no apartado 2.2.1.

1.3.2. Lugares de presentación de documentación e/ou reclamacións.

A documentación esixida polas presentes bases (agás o disposto no punto 2.2.1: certificado médico ou informe de saúde, que se presentará no lugar de realización da proba), e a/as reclamación/s que se poidan efectuar segundo o disposto nas presentes bases, deberanse presentar:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas.
- nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

A documentación que se presente por esta vía haberá de estar cotexada, e a estes efectos, admitirase a documentación cotexada por SEAGA, polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario.

- Electrónicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código *PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA). Indicar que os documentos aportados por este medio deberán contar co correspondente código de verificación electrónica. No caso de que a documentación que se presente sexa un documento orixinal en papel ou que carece de sinatura electrónica e/ou validación electrónica, deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia a efectos de acreditar que é copia electrónica auténtica do documento.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

As persoas convocadas disporán dun prazo de 3 días hábiles, **que comezará o 18 de maio e rematará o 20 de maio de 2026** para a presentación da documentación a que se refire o apartado 2.3 (Formación Profesional Baremable).



Para calquera aclaración ou información adicional as persoas interesadas poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas, ou ben na páxina web de SEAGA ([www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)).

#### **1.4 Admisión de candidatos/as.**

Considéranse admitidas para o proceso selectivo as persoas integrantes da lista previa de Enxeñería Técnica Forestal no perfil profesional “Prevención / Defensa / Extinción contra Incendios Forestais”, maiores de 18 anos no momento de publicación destas bases, que figuran relacionadas no ANEXO desta convocatoria. Non serán convocadas a este proceso de cobertura temporal de postos aquelas persoas do cadro de persoal de SEAGA que xa teñan unha relación laboral ca entidade de carácter indefinida ou fixa-descontinua.

#### **1.5 Datos de carácter persoal.**

Rexerase polo establecido nas bases específicas da categoría 1.5.

### **2. PROCESO SELECTIVO.**

#### **2.1 Experiencia.**

Nesta fase, teráselle en conta ás persoas aspirantes a puntuación do baremo de méritos que determinou a súa orde de prelación nas listas previas da categoría profesional de Enxeñería Técnica Forestal, e que lles será computada de oficio por SEAGA.

#### **2.2 Probas**

O desenvolvemento das probas realizarase de acordo co disposto no apartado 2.2.4.3 das Bases Xerais para a Selección de Persoal Temporal de SEAGA. Serán excluídas tanto do proceso selectivo como do sistema de listas previas da categoría profesional aquelas persoas convocadas que tiveran seleccionado o ámbito relacionado no apartado 1.1. e que non comparezan ás probas, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección.

A comisión de selección comprobará a identidade das persoas participantes antes do inicio das probas, para o cal deberán acudir provistas do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluídas as que non poidan acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

##### **2.2.1 Proba Física “Field Test”**

Consistirá na superación dunha proba física que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos. Esta proba será común



para tódalas categorías convocadas. As persoas aspirantes que non a superen serán excluídas do proceso selectivo, e as que a superen acadarán unha puntuación adicional de acordo coa seguinte escala:

MULLERES	PUNTUACIÓN ADICIONAL	HOMES
TEMPO DE SUPERACIÓN DA PROBA (MINUTOS)		TEMPO DE SUPERACIÓN DA PROBA (MINUTOS)
Menor ou igual a 30' e maior a 29'	0 PUNTOS	Menor ou igual a 30' e maior a 28'30"
Menor ou igual a 29' e maior a 28'	5 PUNTOS	Menor ou igual a 28'30" e maior a 27'
Menor ou igual a 28' e maior a 27'	10 PUNTOS	Menor ou igual a 27' e maior a 25'30"
Menor ou igual a 27' e maior a 26'	15 PUNTOS	Menor ou igual a 25'30" e maior a 24'
Menor ou igual a 26'	20 PUNTOS	Menor ou igual a 24'

Será requisito para a realización da proba física que as persoas participantes aporten no mesmo lugar e día de realización da proba, un certificado médico oficial ou informe de saúde, firmado e selado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar que non presenta enfermidade nin discapacidade que impida a súa realización. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de tres meses respecto á data de realización da proba.

Será obrigatorio que acuda á proba con zapatillas de deporte e non estará permitido correr durante a súa realización. A persoa participante que corra durante a súa realización recibirá un único aviso, previo á expulsión, por parte dos membros da comisión ou do persoal colaborador na proba. Se despois do aviso continúa a correr a persoa será expulsada da proba.

Facilitarase a cada participante unha mochila individual debidamente pesada seguindo os requirimentos da proba.

Os lugares de realización da Proba Física serán, de acordo cos días e horas que se recollen no Anexo a estas bases para cada persoa participante, nas seguintes ubicacións:

21/05/2026: Complexo Deportivo de Monterrei. Ctra. OU-537 s/n - 32792 Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense).

22/05/2026: Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro. Avda. De Fernando Casas Nova, nº 20, CP: 15703- Santiago de Compostela.

### **2.3 Formación Profesional Baremable.**

Valorarase ata un máximo de **10 puntos**, a seguinte formación:



**2.3.1** Formación en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,5 puntos cada dez (10) horas lectivas ata un máximo de 6 puntos.**

**2.3.2** Formación en materia de PRL:

2.3.2.1- Técnico/a Superior en Prevención de Riscos Laborais, coas especialidades de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía e Psicosocioloxía: **2 puntos.**

2.3.2.2- Técnico/a Superior en Prevención de Riscos Laborais, coa especialidade de Seguridade no Traballo: **1,5 puntos.**

2.3.2.3- Técnico/a Superior en Prevención de Riscos Laborais, coa especialidade de Hixiene Industrial e/ou Ergonomía e Psicosocioloxía: **1 punto.**

As puntuacións deste apartado non son acumulables entre si.

**2.3.3** Formación específica en materia de manexo de programas de Sistemas de Información Xeográfica que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora : **0,10 puntos cada dez (10) horas lectivas ata un máximo de 2 puntos.**

#### **2.4 Desenvolvemento das probas selectivas.**

Rexeranse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.3.

#### **2.5 Outorgamento de cualificacións.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.4.

#### **2.6 Desempate.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.1.4.

#### **2.7 Lista de Contratación**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.5.

#### **2.8 Reclamacións.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.6.

### **3 LISTA DE AGARDA.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.3. As persoas candidatas que superasen este proceso selectivo pero non fosen contratadas, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as propostas de contratación na mesma forma na que se configurou o chamamento para a selección a partir das listas previas.

#### 4 COMISIÓN DE SELECCIÓN.

Ratifícase o nomeamento da Comisión de Selección designada no proceso de actualización de listas previas convocado por resolución de 30 de setembro de 2025 (D.O.G. de 30 de setembro de 2025). Rexerese polo establecido nas bases xerais 2.2.4.1 e nas bases específicas 2.1.5 da convocatoria para o ingreso na lista previa na categoría correspondente.

#### 5 RECOÑECIMIENTO MÉDICO.

As persoas candidatas deberán, previamente á súa contratación, realizar un recoñecemento médico obrigatorio. Os seus resultados serán vinculantes para a incorporación ao posto de traballo.

#### 6 PERÍODO DE PROBA .

Para o persoal contratado establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

#### 7 DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante a Dirección de SEAGA.

O Director de Administración e Servizos Xerais

Asdo.- Pablo Arbones Maciñeira

(No exercicio das funcións establecidas nos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.)



**ANEXO**  
**CONVOCATORIA Á PROBA FÍSICA**  
**ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL – PERFIL PDCIF**

<b>DNI</b>	<b>DATOS PERSOAIS</b>	<b>LUGAR</b>	<b>DIA</b>	<b>HORA</b>
***0841**	ALBOR TABOADA, RODRIGO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:00
***6169**	ALVAREZ FERNANDEZ, JEANNE	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1776**	ALVARIÑO DOMINGUEZ, PABLO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***3308**	AMEIJIDE SEIJAS , MIGUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***7518**	ARIAS GONZALEZ, LUIS MANUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3942**	ARIAS PEREZ, JOSE LUIS	OURENSE	21/05/2026	13:00
***2420**	ARROYO MARTINEZ, YOLANDA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***4085**	BACELAR TERUELO, FRANCISCO JOSE	OURENSE	21/05/2026	13:00
***7483**	BASSAVE DE ESTEBAN, IRIS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***7932**	BELLO MILLARES, FRANCISCO JAVIER	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0019**	BLANCO VAZQUEZ, ANGEL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***7695**	BOUZAS SIABA, JOSE ANTONIO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***8275**	BRAS CASTRO, SANTIAGO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0727**	CAAVEIRO PUENTES, CARLOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***9286**	CABALEIRO RIVEIRA, ROBERTO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0067**	CALVO VAZQUEZ, JAVIER	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***8385**	CANDAL RAMOS, RUBEN	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***1209**	CARRASCO ORTEGA, DANIEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6305**	COELLO DAPENA, SONIA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:45
***5724**	COVELO MONTERO, ALBERTO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1054**	DA VILA CALVAR, AMELIA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3781**	DEIROS SANCHEZ, PABLO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30
***4410**	DIAZ FERNANDEZ, FELIX	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9665**	DOMINGUEZ DOMECCIO, RUBEN	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9917**	DUO SUAREZ, IVON	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30
***7228**	ESTEVEZ PEREZ, NOA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30

**ANEXO**  
**CONVOCATORIA Á PROBA FÍSICA**  
**ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL – PERFIL PDCIF**

<b>DNI</b>	<b>DATOS PERSOAIS</b>	<b>LUGAR</b>	<b>DIA</b>	<b>HORA</b>
***1386**	FERNANDEZ CRESPO, CARLOS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30
***4532**	FERNANDEZ FERNANDEZ, VICTOR	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9429**	FERNANDEZ LOPEZ, JORGE	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30
***5030**	FERNANDEZ MOURIN, EVA	OURENSE	21/05/2026	11:30
***6131**	FERREIRO RODRIGUEZ, GABRIEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***4506**	FERRER GOMEZ DEL VALLE, YAGO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8038**	FIGUEIRAS IGLESIAS, NOEMI	OURENSE	21/05/2026	13:00
***7873**	FLORES DIAZ, FRANCISCO JOSE	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8304**	GALLEGO CONDE, ANTONIO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9888**	GARCIA CARNICERO, JUVENAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	12:15
***4089**	GARCIA MALLO, CATUXA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	11:30
***5975**	GARRIDO FERNANDEZ, MIGUEL ANXO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***2332**	GESTEIRO FERREIRA, JULIO ALFONSO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0230**	GOMEZ TABOADA, LUCIA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	12:15
***6458**	GONZALEZ COMA, FRANCISCO JAVIER	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9452**	GONZALEZ IGLESIAS, RAQUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8547**	GONZALEZ LOPEZ, MARIA TERESA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3245**	GONZALEZ VECIN, TAMARA MARTA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***2766**	GONZALEZ VILELA, MARIA DEL PILAR	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9077**	IGLESIAS GARCIA, SUSANA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	12:15
***9217**	IRIMIA LOPEZ, CARLOTA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***4070**	LOIS PEREZ, ANA MARIA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	12:15
***3788**	LOPEZ FERNANDEZ, DAVID	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6331**	LOPEZ GONZALEZ, OLALLA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***5925**	LORENZO VILLAVERDE, ANGELA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***4480**	LOUREIRO FREAN, NOELIA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8398**	MARIÑO GARCIA , LOURDES	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6747**	MARTINEZ GUIMAREY, MIGUEL	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	8:30
***3276**	MIGUEZ CAMPOS, EVA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1311**	MILLAN FERNANDEZ, DANIEL	OURENSE	21/05/2026	13:00

**ANEXO**  
**CONVOCATORIA Á PROBA FÍSICA**  
**ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL – PERFIL PDCIF**

<b>DNI</b>	<b>DATOS PERSOAIS</b>	<b>LUGAR</b>	<b>DIA</b>	<b>HORA</b>
***9424**	MOREIRA ALONSO, ADRIAN	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8863**	MUÑOZ GARCIA, CONCEPCION	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0304**	NEGREIRA DACUNHA, PABLO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	8:30
***4844**	NEIRA FRAGA, IRIA MARIA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***8121**	NOVOA LOPEZ, XIANA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9559**	OURAL GARCIA, FELIPE	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0508**	PACHECO CABANA , RUBEN	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	8:30
***4800**	PARAMES GONZALEZ, SAMUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0700**	PARDO PUMAR, LAURA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1424**	PAZ FEIJOO, VICTOR	OURENSE	21/05/2026	13:00
***2458**	PAZ LOPEZ, CARMEN	OURENSE	21/05/2026	13:00
***0819**	PAZO CARBALLO, EFREN	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3132**	PENIN FRANCO, JOSE LUIS	OURENSE	21/05/2026	13:00
***7146**	PERAL VARELA, HELGA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3613**	PEREZ CASTRO, LAURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	9:15
***1249**	PISOS IGLESIAS, JUAN CARLOS	OURENSE	21/05/2026	13:00
***2077**	QUINTANA FERNANDEZ, MANUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1001**	QUINTANA VEGA, RAQUEL	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6156**	QUIROGA ABELAIRA, EMILIO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***4981**	RANCAÑO VIDAL, NOELIA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	9:15
***7799**	RE CAREY REGUEIRA, LAURA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	9:15
***2340**	REGUEIRO ARIAS, SANDRA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***9465**	REY CAMPOS, NATALIA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	9:15
***6193**	ROCA POSADA, EVA PAULA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6768**	RODRIGUEZ FERNANDEZ, ANTONIO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1661**	ROSALES OTERO, JULIO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	9:15
***7772**	SANCHEZ GALLARDO, ALBA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3780**	SOMOZA NEGRO, JOSE LUIS	OURENSE	21/05/2026	13:00
***3491**	SUAREZ SANTOS, ANDRES	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:00

**ANEXO**  
**CONVOCATORIA Á PROBA FÍSICA**  
**ENXEÑERÍA TÉCNICA FORESTAL – PERFIL PDCIF**

<b>DNI</b>	<b>DATOS PERSOAIS</b>	<b>LUGAR</b>	<b>DIA</b>	<b>HORA</b>
***1682**	TARRIO PEREIRAS, IVAN	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:00
***8757**	TENREIRO FRAGA, CARLOS	OURENSE	21/05/2026	13:00
***4077**	TOIMIL FERNANDEZ, MARINA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***7132**	TORRES CARRO, ANDRES	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:00
***0468**	URDANGARAY DIAZ, DIANA	OURENSE	21/05/2026	13:00
***1177**	VARELA IGLESIAS, JOSE ANTONIO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	22/05/2026	10:00
***0055**	VAZQUEZ REY, PABLO	OURENSE	21/05/2026	13:00
***6928**	VIVIRIDO QUEVEDO, PEDRO	OURENSE	21/05/2026	10:00
***6974**	YAÑEZ FERNANDEZ, PABLO	OURENSE	21/05/2026	13:00

Lugares de realización da proba:

**Santiago de Compostela** - Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro. Avda. De Fernando Casas Novoa, nº 20, CP: 15703- Santiago de Compostela).

**Ourense** - Complexo Deportivo de Monterrei. Ctra. OU-537, s/n - 32792 Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense).